

## ANTOLOXÍA DA MEMORIA DE LUGO

TIPOS

## «E para que queremos tanto pan?»

► O 19 de novembro de 1921 quebra a Banca Romero e Pepito Chimeneas berra: «Hay que pagar...!»

**JOSÉ REGUEIRO**, conocido por Pepito Chimeneas, fue un popular limpiabotas. Alternaba este oficio con el de mozo de cuerda del ferrocarril. Tenía el tajo en los soportales de arriba de la Plaza Mayor. Vivía con su madre en la calle de las Huertas, del barrio de San Roque. Era bajito y regordete, de voz aguardentosa y, un día sí y otro también terminaba la jornada bastante cargado, circunstancia que le hacía faltón y grosero con sus semejantes, por lo que, alguna que otra noche, la pasaba en el Cagarrón. Además de limpia, era recadero y tenía fama de hombre honrado, por lo que muchas personas pudientes, pero vergonzantes, le confiaban prendas de valor para su empeño en el Monte de Piedad.

**Pepe Barreiro**  
/Lugo

Son muchas las anécdotas que nos legó Pepito Chimeneas, pero la más recordada fue aquella cuya frase se hizo célebre: «¡Hay que pagar!». Surgió esta frase cuando la quiebra del Banco Romero, que estaba situado en donde está hoy el Banco Pastor, en cuya entidad muchas gentes modestas de Lugo —entre ellas Chimeneas—, tenían sus modestos ahorros, quienes, al producirse la quiebra, se quedaron sin nada. Y cuando alguno de los liquidadores del citado banco pasaba por los soportales, Chimeneas, desde su escabel, como si no fuera con ellos, les espetaba: «¡Hay que pagar!». Pasado el tiempo, siguió empleando esta frase para aquellos que se sabían puteros, bien con él —prestaba dinero a más de un señorito—, o con otras personas.

**Pepe Barreiro**  
/Lugo

En este año muere el célebre Pepito Chimeneas, José Regueiro López, aquel limpiabotas que, decían, había perdido todos sus ahorros en la quiebra de la Banca Romero; el bueno de Chimeneas no paraba de contar, a todo aquel que le quisiese escuchar, su historia y que finalizaba con su histórica frase de «¡Hay que pagar!». Su esquela se emitió de forma gratuita en Radio Lugo. Se cuenta que su entierro fue uno de

los que más personas congregaron en la ciudad. El cadáver iba en un magnífico ataúd, el mismo estuvo sufragado por sus amigos y ciudadanos anónimos de la capital. En representación del alcalde asistió el teniente de alcalde Don Ramón Montenegro Neira.

**Paco Nieto**  
/Lugo

Entre la Estación del Ferrocarril, la Puerta de la Estación, Santo Domingo y comienzo de los soportales, sumaban más de la quincena de limpiabotas. De este gremio merece especial mención Pepito Chimeneas, casi titular del hotel Méndez Núñez, el mismo que hallara una cartera bien fardada de billetes y que tuvo la honradez de entregarla en dicho hotel. Y no debió olvidársele nunca al hombre, porque, talanquera en ristre, aprovechaba todos los días, de paseo por la calle de la Reina para, con voz más elevada que su menuda estatura, soltar lo de: «¡Hay que pagar!».

**Manuel Rodríguez y Rodríguez**  
/Lugo

Daquela había xente que todo o mundo coñeciamos, estaba aquel Valentín que vendía lotería e andaba case sempre pola fonda Gerdiz, que estaba apegada á muralla moi cerca da administración de autobuses dos Veiga. Andaba sempre uniformado e coa súa chapa regulamentaria na chaqueta, pero cando botaba un grolo, adoitaba adormecer de pé. Un día de fin de ano seica se pasou do acostumado e malia botarse fóra para airearse, deulle igual o sono e foise contra a muralla. Creu que o atacaban, sacou o puño e pegoulle con toda a alma ás pacientes lousas do monumento.

**Isidro Novo**  
/Lugo

O terceiro comparecente, que animaba a xolda infantil, era Bordón. Tratábase dun bo ebanista que ao rematar o traballo dos sábados embebedábase. Sitúbase na praza a guindar peroratas e berros ao grupo de pícaros que o arroteaba. Estes coreábano cunha voz unánime de «Bordón o cagarrón». Ao cabo, os gardas municipais conducíanlo á falcona. Pasaba



Romero, un crack sonado.

nela as noites dos domingos. Nas primeiras horas da mañán dos luns poñían en liberdade, xa esvaídos os vapores alcohólicos. Encetaba outra volta o seu traballo normal ata o sábado seguinte.

**Francisco Fernández del Riego**  
/Vilanova de Lourenzá

Lémbrome do amigo desdeñoso coas letras —caralladas de desocupados—, e afervoadada vocación científica, proclive á misantropía, bohemio, deambulante, moitébrego e célibe. Ensinábanos o que el aprendera fóra de Lugo: que a materia podíase expresar como o produto da masa polo cadrado da velocidade da luz no baleiro.

**Marino Dónega**  
/Lugo

Personas que recordamos con cariño: Grano, Antonio, Carbón, don Eduardo; Chirolo, Manolo Barbero; y tantos más personajes que hacían agradable el vivir en Quiroga, con sus anécdotas y sentido del humor de que disfrutaban... ¡El Manías! El servicial Manías, el eterno monaguillo y digno antecesor de Sador (este mucho más reciente). Los dos sabían llevar, muy bien, las alcancías o cepillos de

Aún recuerdo una anécdota ocurrida hace años a Valentín y su amigo Pepiño Zocas, que habían recibido 25 pesetas por haber llevado un baúl a un piso de la plaza de la Soledad.

—E que facemos cos cinco pesos?, preguntó Valentín.

—Pois moi sinxelo —respondió Pepiño— compramos 24 pesetas de viño e unha de pan.

—E para que queremos tanto pan?, dijo Valentín.

**Ángel de la Vega**  
/Lugo

Un vendedor ambulante de Rodeiro, O Árabe, para simular ben o seu comercio, pretendía falar un galimatías que nin era galego nin castelán; e, para dárle máis valor á súa mercancía, faciase acompañar dun rapaz de Taboada, fillo dun compañeiro meu da corporación municipal, que lle chamaban O Pollo, e que lle servía de intérprete.

**Jesús González Rodríguez**  
(Abeledo)  
/Taboada

Non había televisión para ilustrármonos, nin un Lobatón, nin o Navarro, nin outros e outras polo estilo. Eso si, había El Caso, que relataba os crimes máis espectaculares. Era a versión moderna das coplas dos cegos que, por certo, vendía sempre unha señora grande e gorda que rasca nas cordas dunha guitarra mentres daba a coñecer o suceso con forza de voz e desafino. Habrá que dicir que tampouco había conservatorio.

**Adolfo de Abel Vilela**  
/Lugo

Lembro personaxes populares, como Trifón Calderetas, que tiña un piso cheo de ferranchos e metais na rúa da Tinería, ou Elvira la Loca á que os rapaces lle fuxían porque arremetía contra eles.

**Luis Ferreiro Peinó** /Lugo

Antoloxía da Memoria de Lugo: **El Progreso**: luns, mércores e sábados. **TeleLugo**: martes, ás 22.00 horas. Reemisión diaria. **Dirección**: José de Cora. **Imaxe**: Memé Díaz. **Ilustracións**: Vinicius. **Fotografía**: Arquivo EP.



**CAIXA RURAL  
GALEGA**

www.caixaruralgalega.com

**A NOSA Caixa**

Comprometidos con Galicia